



FICHA RESUME

PE 403A 2008/20-5

Ano	2009
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE CARRIL
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN ESPECIFICO DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS
Réxime⁽²⁾	ZONA LIBRE MARISQUEO
Modalidade⁽³⁾	MARISQUEO A PÉ

Especies	Ameixa fina (<i>R.decussatus</i>), ameixa babosa (<i>V.pullastra</i>), ameixa xaponesa (<i>R.philippinarum</i>) e berberecho (<i>C.edule</i>)
Ambito do plan	Lombos do Ulla e praia Compostela-A Concha
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
70		
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Si, baixo determinadas condicións
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
8		

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción	170										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ : de xaneiro a decembro, rotando zonas.											
Modalidade⁽³⁾: a pé											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Especies	A CONCHA E COMPOSTELA (kg/mariscadora/día)	LOMBOS ULLA (kg/mariscadora/día)
Ameixa fina	2	1
Ameixa babosa	5	1
Ameixa xaponesa	10	7
Berberecho	10	30

Artes a empregar	Sacho e rastrillo ou angazo.
-------------------------	------------------------------

Puntos de control	Zona de produción e lonxa de Carril
Puntos de venda	Lonxa de Carril

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas	X	X	X									
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembr	X	X	X	X	X	X				X	X	X
Zonas: Lombos do Ulla e praia de Compostela- A Concha												
Especies: ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa e berberecho												

(1) Modificado por Resolución do 14 de abril de 2009 de recurso potestativo de reposición



	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras			X	X	X	X						
Zonas: praia de Compostela-A Concha (principalmente)												
Especies: distintas especies de ameixa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados	X	X	X	X	X	X				X	X	X
Zonas: De Lombos do Ulla a praia de Compostela-A Concha, e dentro das zonas do plan no caso de altas densidades ou para unha maior protección do recurso.												
Especies: ameixa xaponesa, ameixa fina e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos	X	X	X	X	X	X				X	X	X
Zonas: Lombos do Ulla, praia de Compostela-A Concha												
Especies: ameixa fina, ameixa babosa e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados	X	X	X	X	X	X	X	X	X			
Zonas: ámbito do plan												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Apróbase como **zona de traballo**: Praia de Compostela-A Concha e Lombos do Ulla. A zona de Lombos do Ulla corresponderíase coa aprobada para o plan do ano 2004 unha vez acreditada a conformidade do resto das confrarías da ría para a ampliación de zona solicitada. No plan presentado para o ano 2009 a liña da costa que bordea os esteiros entre punta Remuíño e punta Rebaleira, así como Pedra do Pico supoñen unha ampliación con respecto ao autorizado e como se trata de zona de libre marisqueo, deben presentar a conformidade ou renuncia das demais entidades da ría, de acordo co previsto no artigo 42 da Lei de Pesca, de 11 de maio, tal e como se fixo cando se ampliaron zonas de este plan de explotación no ano 2004.

No plan de explotación para o ano 2009 figuran 70 mariscadoras co permiso de marisqueo a pé renovado, sen embargo segundo datos da Consellería habería 73 persoas co permiso de explotación para o ano 2009 asociadas á confraría de Carril. Polo tanto, 3 mariscadoras non estarían incluídas no plan de explotación (2 incorpóranse no ano 2006).

Con respecto á **ampliación de participantes**: o modelo de xestión dos recursos marisqueiros seguido pola administración pesqueira en Galicia, é un modelo de coxestión baseado na aprobación de plans de explotación en bancos naturais, polo que a valoración para a ampliación de novos permisos faise neste marco. Así pois, unicamente **se pode considerar favorable o incremento do número de permisos no marco de ditos plans, de xeito que a ampliación de persoas redunde en beneficio do colectivo e contribúa a mellorar a produción dos bancos marisqueiros**, para o cal deberán cumprirse as seguintes condicións:

a) As persoas asociadas á confraría de Carril que teñan o permiso de marisqueo a pé están integradas na agrupación legalmente constituída dese sector de produción, polo que están obrigadas a acatar os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno da agrupación. A entidade deberá velar porque se cumpran os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno da confraría e da agrupación.

b) (1) A entidade deberá presentar unha proposta que garanta o control da actividade nas zonas de libre marisqueo nas que traballan habitualmente mariscadoras asociadas a esa entidade.

(1) Modificado por Resolución do 14 de abril de 2009 de recurso potestativo de reposición



A gancha a pé non está incluída nas artes de marisqueo a pé, de acordo co establecido no artigo 118º do Decreto 424/1993, de 17 de decembro, polo que o seu emprego require da aprobación de plans experimentais.

Para a revalidación dos permisos de explotación para marisqueo a pé computarán os días de realización das labores de semicultivo, control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos, de acordo co establecido no Decreto 237/2002, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 423/1993, do 17 de decembro. Os certificados nos que se acrediten a realización das labores anteriores por parte das mariscadoras, a efectos da revalidación do permiso de explotación, deberá detallar os días traballados nestas labores.

Con respecto aos topes de captura, cumpre lembrar que se a directiva estima conveniente reducir os topes con respecto aos aprobados no plan deberá solicitalo á delegada territorial, que ten as competencias para autoriza-lo. Por outra banda, o incremento dos topes de captura aprobados requiren de autorización da Dirección Xeral de Recursos Mariños.

A comercialización de marisco polo xunto que se realiza na praia de Compostela- A Concha e zonas sementadas, aprobado por acordo maioritario da asemblea de mariscadoras e que se basea na organización dos traballos de semicultivo, control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos, deberá ser compatible co respecto dos topes de captura/mariscador e día establecidos, cuxo seguimento será realizado a cada mariscadora no punto de control. Recoméndase que este sistema de traballo e as normas de desenvolvemento sexa aprobado pola asemblea xeral de mariscadoras.

No caso de traslados nos que se leve a cabo a comercialización dos exemplares de tamaño legal, deberanse respetar os topes de captura aprobados no plan, mentres que os exemplares de tamaño non regulamentario serán sementados.

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente á Delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

(1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...

(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo

(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire

(4): Indicar en negrita o que corresponda

(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15....

(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,....

(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos

(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente

(9): Este apartado corresponderalle cubriilo á administración